

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	2ª Lingua estranxeira II: Portugués	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	40
4.2. Materiais e recursos didácticos	42
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	43
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	43
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	47
7.2. Actividades complementarias	48
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	49
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	52
9. Outros apartados	55

1. Introducción

No décimo primeiro curso de funcionamento do IES do Milladoiro mantemos a tendencia de crecente aumento de alumnado, cos conseguíntes problemas de espazos e recursos materiais e humanos. Este departamento está integrado por seis profesores e profesoras, que imparten Lingua galega e literatura, Portugués -materia consolidada como opción entre o alumnado- e Ámbito lingüístico e social.

A presente programación didáctica ten como referencia o currículo que establece a ORDE do 13 de febreiro de 2023 para optativas de bacharelato. Consecuentemente, as unidades didácticas que a desenvolven procuran deseñar situacións de aprendizaxe con valor competencial.

Cómpre destacar de inicio que esta programación, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, a temporalizacións e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións, pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.

Como características e recursos relevantes para a nosa programación destacamos:

- Moi ampla diversidade social, cultural e lingüística do alumnado (ata 23 nacionalidades diferentes)
- Profesorado dinámico que participa en diversos proxectos e grupos de traballo.
- Plan Xeral de Atención á Diversidade realizado e aprobado.
- Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega moi activos.
- ANPA activa e participativa.

CONTEXTUALIZACIÓN: A OPTATIVA DE PORTUGUÉS NO CENTRO

No curso 2019-2020 comezamos co ensino do portugués no IES do Milladoiro. Formáronse daquela grupos de 1º ESO (1 grupo), 2º ESO (2 grupos), 3º ESO (1 grupo) e 1º Bach. (1 grupo). Os dous cursos seguintes foi aumentando o alumnado e agora temos aulas en todos os niveis, tendo máis de un grupo nos tres primeiros cursos da ESO.

Neste ano lectivo a organización dos grupos é a seguinte:

1º ESO: 3 grupos (64 alumnos/as)

2º ESO: 2 grupos (56 alumnos/as)

3º ESO: 2 grupo (37 alumnos/as)

4º ESO: 1 grupo (21 alumnos/as)

1º Bac: 1 grupo (7 alumnos/as)

2º Bac: 2 grupos (12 alumnos/as)

Esta programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira II: Portugués en 2º Bac. no IES do Milladoiro.

Esta materia impártese en 2º Bac. como materia optativa e conta cunha carga semanal de 4 sesións.

A competencia comunicativa de boa parte do alumnado que se anotou á materia este curso é bastante alta de partida, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático, non tanto intercultural. No centro hai alumnado que naceu aquí e que comparte un ámbito sociolingüístico moi similar; algún outro descendente de familia portuguesa ou brasileira que ten esta como lingua materna, polo que ten competencias na comprensión e expresión oral moi altas pero medias ou baixas a nivel escrito. Isto axuda a solventar a dificultade que lles supuxo que o curso pasado non se puidese impartir a materia.

O alumnado galego, e con competencia suficiente en LGL, que escolle a materia de 2ª lingua estranxeira, portugués, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples desde o primeiro día e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple.

Colaboracións

Como esta materia pertence ao departamento de LGL, establécese unha colaboración constante co profesorado que imparte esta materia, así como co EDLG e a biblioteca.

Solicitouse desde hai varios cursos profesorado de apoio, ben do Instituto Camões, ben do grupo de auxiliares de conversa, pero comunicóusenos que non había dispoñibilidade. Quedamos á espera de que se nos ofrezca calquera tipo de colaboración este curso.

Estase tentando a colaboración para intercambio dixital con alumnado de portugués doutros centros de ensino e tamén con alumnado de centros de ensino de secundaria de Portugal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados, para responder ás necesidades comunicativas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos claros, ben organizados e con certo detalle, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma adecuada, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-3	40			32
OBX3 - Interactuar con outras persoas, con corrección e fluidez suficiente, cunha pronuncia claramente intelixible para facerse entender sen dificultade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, en intercambios sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica, usando estratexias e coñecementos eficaces para crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31			
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, e facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios, para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz, e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais.	5	3			31	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sair de casa para...comprar, combinar, viajar...	<p>Inclúe e sesións dedicadas á avaliación inicial e acreditación de coñecementos previos do alumnado que non cursou portugués.</p> <p>Faise un repaso de todo o vocabulario das compras e mais das reclamacións, así como as opcións para facer convites e interaccionar nos restaurantes.</p> <p>Rever tema de "viagens e férias".</p> <p>Programas de intercambio, Erasmus...</p> <p>Falan de gostos e preferencias.</p> <p>Gramática: infinitivo persoal (regras e colocacións básicas), posesivos e demostrativos.</p> <p>Construcións con "embora + conxuntivo"</p>	15	20	X		
2	A Lusofonia: Da Galiza ao Brasil	<p>Trátase sobre a lusofonía e o portugués no mundo. Identificar o espazo lusófono e ver a situación da Galiza nese contexto</p> <p>As cuestións de Galiza e a lusofonia, o mundo lusófono en xeral e os aspectos particulares dun país lusófono coma Brasil van ir acompañadas do traballo gramatical arredor do presente de conxuntivo e de diferenzas lexicais importantes neste nivel como o verbo "apanhar".</p> <p>Vaise ir alternando o contido desta unidade coa unidade 1. Ademais imos tratar tamén cuestións interculturais como as celebracións do Pão por Deus, do São Martinho ou do Natal, así como unha sequencia didáctica sobre a "violência no namoro" en uns e outros países. Vaise debater a partir dum filme e a prensa escrita con noticias dos diferentes países sobre estas cuestión.</p> <p>Presentes de indicativo e conxuntivo regulares e irregulares. Imperfeito de indicativo.</p> <p>Participio pasado e conectores discursivos concesivos (Embora, ainda que...</p> <p>Oracións impersoais con infinitivo flexionado</p>	15	20	X		
3	E agora que?	<p>A partir dos debates xurdidos na U1 sobre os Erasmus e ter que traballar fóra, pasamos ao tema da escolarización e das saídas profesionais ao acabar o instituto.</p> <p>Tamén programas de intercambio e aprenderemos a elaborar "cartas de motivação".</p> <p>Trataremos o léxico no ámbito profesional e</p>	15	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	E agora que?	<p>do ámbito do multilingüismo para poder saír fóra e levar feita unha reflexión sobre a importancia das linguas no mundo. En relación a este tema e de cara a preparar as ABAU, volveremos á lusofonia para afondar un pouco na súa orixe (descobertas)</p> <p>Falar sobre experiencias persoais, motivacións e expectativas. Describir perfís profesionais (non só lingüísticos), falar sobre mercado de traballo.</p> <p>Gramática: expresión do futuro (formas verbais, locucións, adverbios, perífrases...), así como as construcións impersoais, or. condicionais con Se + imperf. ou futuro de conxuntivo. Or. concesivas con presente e futuro de conxuntivo.</p> <p>Graos adxectivo</p> <p>Vogais e acentuación</p> <p>Inf. persoal en oracións completivas</p>	15	20		X	
4	Os mitos da saúde	<p>Imos revisar todo o tema que ten que ver coa atención sanitaria básica, para que se poidan defender nun centro de saúde e nun hospital. Ampliaremos o campo á atención odontolóxica. Logo avanzaremos cara a traballar mitos arredor da saúde.</p> <p>Traballárase a expresión de sensación físicas de dor e mal-estar, así como a revisión do léxico da hixiene e saúde.</p> <p>Problemas da xuventude na sociedade actual e identificación dos seus problemas. Dar consellos e suxerir solucións.</p> <p>Achegarémonos aos deportes e a súa relación coa saúde en todas as idades, pero principalmente na mocidade.</p> <p>Verbos que expresan consello.</p> <p>Utilización do pretérito perfecto composto de conxuntivo.</p> <p>Expresións de frecuencia</p> <p>Oracións exclamativas de desexo.</p> <p>Locucións temporais e condicionais. "Há quem" + pres. de conxuntivo</p> <p>Presentar unha reclamación,</p> <p>Os países africanos de fala portuguesa.</p> <p>Situación social (com especial Atención á saúde) e cultural.</p> <p>Pronomes persoais (acusativos e dativos): formas, contraccións, colocación...</p>	15	20		X	
5	Que se passou em abril?	<p>Partindo do 25 de abril traballaremos con persoeiros destacados do mundo lusófono. Desde colonizacións e descolonizacións veremos variedades do portugués en África. Traballaremos cos países lusófonos</p>	20	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Que se passou em abril?	<p>de cara a faceren textos expositivos sobre os países de fala portuguesa. A partir destes, traballar coas linguas no mundo, expresar opinións e argumentar sobre a importancia da aprendizaxe de linguas. Exprimir e contrarrestar xuízos de valor sobre diferentes linguas. Expresar concordancia e discordancia. Mostrar desinterese, indiferencia. Formular hipóteses.</p> <p>Convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo.</p> <p>Gramática: Vbs de opinión e construcións impersoais. Marcadores temporais de pasado.</p> <p>Pret perfecto simple e composto</p> <p>Substituír infinitivos persoais por conjuntivos e vice-versa. Inf persoal composto. Pretérito-mais-que-perfeito composto</p> <p>Dialectos e sotaques na lusofonia</p> <p>Relatar atitudes e recordos</p> <p>Texto de opinión</p>	20	18			X
6	Destino Lisboa e algo mais	<p>Partindo dunha suposta estada na capital portuguesa imos desenvolver unha unidade que nos permita pechar todo o aprendido coa realización de diferentes textos (carta para candidatarase a unha bolsa de estudos, reserva de residencia, artigo de opinión na prensa, documental sobre as características socioculturais máis destacadas de Portugal, escollendo algunhas das rexións e cidades... así como persoeiros da cultura de certo renome e importancia). Investigación de cada un dos aspectos para exposicións orais na aula.</p> <p>Revisaremos todos os aspectos morfosintácticos necesarios para desenvolver con éxito estas tarefas.</p> <p>Pretérito perfecto composto de indicativo e futuro composto de indicativo.</p> <p>Tamén revisaremos todo o repertorio de expresións para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.</p>	20	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sair de casa para...comprar, combinar, viajar...	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos de certa lonxitude, sobre os que se teñan coñecementos previos ou que sexan próximos á súa experiencia persoal ou académica, expresados na lingua estándar.	Comprende as ideas principais e as liñas argumentais básicas.	PE	60
CA1.2 - Comprender o esencial e os detalles relevantes en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social, que impliquen a solicitude de información xeral expresada nun rexistro neutro, nun repertorio de uso común e, no caso da oralidade, se se fala sen precipitación e con claridade.	Comprende o esencial e algúns detalles relevantes en situacións de comunicación oral ou escrita.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos, descritivos ou narrativos, en distintos soportes, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas e sen implícitos e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprende información relevante en textos do seu interese, expositivos, descritivos ou narrativos, formulada de xeito simple en distintos soportes, ben estruturados, e con opción a que se lle repita ou reformule o dito.		
CA1.5 - Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.	Comprende en textos formais as expresións fixas máis habituais para rexeitar, expresar posibilidade ou aconsellar.		
CA1.9 - Redactar, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.	Redacta textos breves coherentes, ben cohesionados e redacta textos de lonxitude media con estrutura clara e coherentes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Completar documentos comúns nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación, en soporte tanto impreso como dixital.	Completa documentos comúns en diferentes soportes de xeito que poida comunicar o esencial.		
CA1.11 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	Aplica estratexias para planificar, producir e revisar textos de xeito que teñan unha coherencia e adecuación que os faga comprensibles.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar as estratexias, recursos e coñecementos adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece, e a través de diversas fontes de información), para comprender a información global e específica, inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplica bastantes estratexias para a comprensión de textos con vocabulario e estruturas aínda non estudadas.		
CA1.6 - Buscar información en fontes confiáveis sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Fai un uso responsable das fontes de información.		
CA1.7 - Expresar oralmente textos de lonxitude media, comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro, sobre temas de relevancia persoal ou académicos sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresa oralmente textos de lonxitude media comprensibles, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.		
CA1.8 - Expresarse de xeito adecuado á situación de comunicación, de forma clara e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.	Expresarse de xeito intelixible en situacións de comunicación, aínda que se produzan erros, pausas e repeticións	TI	40
CA1.12 - Participar en situacións interactivas relacionadas coa experiencia persoal, desenvolvéndose de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participa en situacións interactivas relacionadas coa experiencia persoal, desenvolvéndose de forma comprensible		
CA1.13 - Interactuar con pronuncia clara e intelixible, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactúa con pronuncia intelixible, pedindo que se lle repita información e conseguindo comunicar o básico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.14 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interacciona utilizando algúns dos coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos		
CA1.15 - Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Utiliza estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación.		
CA1.16 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ten consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplícalas.		
CA1.17 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban axudar ademais de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Explica textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información axudado de elementos non lingüísticos e sempre mostrando respecto polas persoas e polas linguas,		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar eficazmente na solución de problemas de incompreensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa habitualmente nos proxectos, rexeitando todos os estereotipos discriminatorios e prexuzosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosa empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar todos dos casos de discriminación e prexuízos.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Adquire valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión. Desenvolve unha visión empática para a convivencia intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valora o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valora positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Valora criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso habitual e autónomo de estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións que así o requiran (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito simple a comunicación e a organización elemental do discurso, describir en termos simples pero suficientes

Contidos

- fenómenos e acontecementos; dar instrucións, advertencias e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; xustificar as súas opinións e explicar os seus plans. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común e académico na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e significados asociados a estas ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a estes padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a estes padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: emprego de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos de textos, e de frases feitas e locucións comúns para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Contidos

- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	A Lusofonia: Da Galiza ao Brasil	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos de certa lonxitude, sobre os que se teñan coñecementos previos ou que sexan próximos á súa experiencia persoal ou académica, expresados na lingua estándar.	Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas	PE	55
CA1.2 - Comprender o esencial e os detalles relevantes en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social, que impliquen a solicitude de información xeral expresada nun rexistro neutro, nun repertorio de uso común e, no caso da oralidade, se se fala sen precipitación e con claridade.	Comprender o esencial e algúns detalles relevantes en situacións de comunicación oral ou escrita.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos, descritivos ou narrativos, en distintos soportes, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas e sen implícitos e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprender cando menos a metade da información relevante.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.	Comprender en textos formais as expresións fixas máis habituais para rexeitar, expresar posibilidade ou aconsellar.		
CA1.9 - Redactar, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.	Redactar textos breves coherentes, ben cohesionados e redactar textos de lonxitude media con estrutura clara e coherentes.		
CA1.10 - Completar documentos comúns nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección medio documentos comúns.		
CA1.11 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	Aplicar estratexias para planificar, producir e revisar textos de xeito que teñan unha coherencia e adecuación que os faga comprensibles.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar as estratexias, recursos e coñecementos adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece, e a través de diversas fontes de información), para comprender a información global e específica, inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e contrastar información.	Seleccionar e aplicar a maioría das estratexias, recursos e coñecementos.		
CA1.6 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Facer un uso responsable das fontes de información.	TI	45
CA1.7 - Expresar oralmente textos de lonxitude media, comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro, sobre temas de relevancia persoal ou académicos sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente textos de lonxitude media comprensibles, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Expresarse de xeito adecuado á situación de comunicación, de forma clara e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.	Expresarse de xeito intelixible en situacións de comunicación, aínda que se produzan erros, pausas e repeticións		
CA1.12 - Participar en situacións interactivas relacionadas coa experiencia persoal, desenvolvéndose de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas relacionadas coa experiencia persoal, desenvolvéndose de forma comprensible		
CA1.13 - Interactuar con pronuncia clara e intelixible, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar con pronuncia intelixible		
CA1.14 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interaccionar, utilizando algúns dos coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos		
CA1.15 - Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación.		
CA1.16 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicarlas.		
CA1.17 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban axudar ademais de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Explicar textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información axudado de elementos non lingüísticos e sempre mostrando respecto polas persoas e polas linguas,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar eficazmente na solución de problemas de incompreensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando todos os estereotipos discriminatorios e prexuzos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar todos dos casos de discriminación e prexuzos.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión. Desenvolver unha visión empática para a convivencia intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorar o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- Atención á diversidade, con atención individualizada dentro das posibilidades do grupo, na prevención das dificultades de aprendizaxe, con tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
- Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- Potenciación da reflexión interlingüística,. Buscamos a intercomunicación, en primeiro lugar, entre o galego e o portugués con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades. Procuraranse programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).
- Traballo interdisciplinar e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Exelearning con varias secuencias didácticas
Diccionario on-line (dicionario.priberam.org/)
Diccionario on-line editorial Porto Editora (https://www.infopedia.pt/)
Bernal, Diego et alii (2019). Dicionário Visual Através. Santiago: Agal
Corrector ortográfico e sintáctico FLIP (https://www.flip.pt/FLiP-On-line/Corrector-ortografico-e-sintactico)
Capítulos, ou parte de capítulos, da serie "Morangos con açúcar" dispoñíbel en Youtube
Canles de cociña disponibles no Youtube como "Temperos e sabores"
Textos literarios de autores da lusofonía: Saramago, Pessoa, Mia Couto, A. Bessa Luis... e textos da literatura oral.
Vídeos de influencers da lusofonia
Vídeos musicais todos os estilos (Youtube)
Probas tipo Camões e outras certificacións
Páxinas web vinculadas ao PLE
Material de elaboración propia
Documentos auténticos

Para cada unidade didáctica contamos con exelerning creados para este nivel de portugués. En cada un deles hai contidos gramaticais e fonéticos, textos informativos e exercicios interactivos que se autoaválían. Os exelerning incorpóranse nun curso na aula virtual desde o que tamén se pode acceder a outros recursos como dicionarios dixitais, correctores ortográficos, ademais doutros materias e tarefas que completarán cada unidade.

Así mesmo vanse empregar ademais os seguintes materiais e recursos didácticos:

- 1- Materiais de audio para potenciar a comprensión de textos orais (en CD ou arquivos de mp3) de diferentes editoriais e de elaboración propia.
- 2- Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión da oralidade e a competencia sociocultural. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen subtítulos.
 - a. Acudiremos moito a vídeos musicados colgados na canle de youtube.
 - b. Capítulos de series ou programas televisivos (RTP) que traballen temas que nos interesen.
 - c. Filmes que se poidan descargar da rede.
 - d. Filmes en DVD que temos a nivel particular e na biblioteca do centro.
- 3- Textos literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís (tanto en papel como en pdf).
- 4- Páxinas web nas que haxa textos de carácter xeral ou máis específico adaptados aos seus intereses e motivacións. Nelas farán pequenas investigacións, lecturas e información (prensa), consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc)
- 5- Revistas de diferentes temáticas (cociña, deportes...) para que lean textos apoiados de imaxes.
- 6- Fotocopias de textos reais ou inventados, en papel ou formato dixital, que sirvan de mostra de: notas breves, postais, cartas informais, menús, listas de prezos...
- 7- Fotocopias con exercicios específicos para aqueles contidos sintáctico-discursivos que sexa preciso traballar á marxe das actividades comunicativas.
- 8- Xogos de temática lingüística e cultural orixinais, elaborados ou adaptados para a práctica na aula.

9- Aplicacións vinculadas ao PLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña) ou de xogos e instrumentos de avaliación.

10- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do Instituto Camões e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, co fin de diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Constitúe, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias. Deste xeito, poderemos adaptar o proceso de ensinanza e a proposta didáctica e facilitar a progresión satisfactoria das aprendizaxes para o conxunto do alumnado.

Así pois, nos inicios do curso realizaremos unha avaliación que permita ser o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Neste curso esta avaliación ten unhas características particulares porque temos alumnado que nunca cursou portugués e outro que si o cursou pero non en 1º de bacharelato xa que non se formou grupo.

Daquela, o alumnado que xa tiña estudado portugués antes, fai unha proba específica de ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS

O modelo de probas orais e escritas que se emprega para a avaliación inicial é o que se emprega para que o alumnado que non cursou portugués no curso anterior (porque non se formou grupo en 1ºBac.), pero si estudara portugués anteriormente, poida acreditar -antes do comezo das actividades lectivas- que ten o nivel para estar cursando portugués de 2º de bacharelato sen levar pendente a materia de 1º de bacharelato, segundo a normativa de aplicación D157/2022 e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o devandito Decreto (artigo 8).

Nestas probas de avaliación inicial de acreditación de coñecementos empréganse os seguintes procedementos:

a) Proba escrita, nas que se obteña información sobre os coñecementos do alumnado no relativo a:

1.1. Apreciación da capacidade de comprensión de textos escritos e orais.

1.2. Valoración da capacidade de expresión escrita (redactar textos breves referidos a contidos vistos)

1.3. Valoración da capacidade de comprender e valorar aspectos da cultura lusófona estudados en niveis anteriores.

b) Proba oral, na que o alumnado demostre

-Capacidade de expresión oral atendendo aos contidos correspondentes ao nivel.

O alumnado que cursa a materia por primeira vez, debe realizar unha proba de coñecementos lingüísticos xerais, de competencia interlingüística e de competencia sociocultural básica. Poñeráselle un audio moi básico, igual ca un texto para a comprensión escrita e presentaranse cuestións a nivel sociocultural.

A todos eles, vónselle realizar unhas probas para recabar información a outros niveis:

- Realización de tarefas e actividades específicas, tanto individuais como colectivas, que dean conta da súa competencia a nivel dixital, de aprender a aprender ou de relación e capacidade de traballo en grupo.

- Cuestionarios de actitudes e intereses.

Tamén se vai recabar información por parte da persoa titora e mais do Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe (ao non haber avaliación inicial para este nivel é difícil obter esta información completa).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	60	55	57	57	57	57	57
Táboa de indicadores	40	45	43	43	43	43	43

Criterios de cualificación:

O alumnado vai ser avaliado mediante probas concretas escritas e orais, así como polo rexistro do seu traballo diario na aula, da realización de pequenos proxectos e da demostración do seu nivel de competencia lingüística a través de probas individuais que realiza na casa e entrega na aula virtual.

Resumo dos instrumentos de cualificación de cada avaliación:

- Proba(s) escrita (s) (60% da nota total). Serve para avaliar: comprensión de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos
- Produción oral (20% da nota). Avaliase a produción de textos orais con gravacións que se van entregar na aula virtual e/ou con exposicións e interaccións orais na clase
- Traballo diario, participación activa na aula (10% da nota). Vanse puntuar as tarefas e proxectos avaliados que a profesora propoña diariamente. No caso de que un día o/a alumno/a non asista á clase poderá facer esa tarefa na casa e entregala no tempo estipulado pola profesora.
- Resultados de investigacións e pequenos proxectos entregados na aula virtual (10% da nota)

Notas extra. O alumnado non ten probas de recuperación propiamente ditas por avaliación, pero poderá compensar -segundo os seus intereses e habilidades- con outras tarefas que lle poden axudar a subir a cualificación da materia. Estas serán:

- Lecturas voluntarias: desde 0,2 a 0,75 puntos por lectura positivamente avaliada (ata 1 punto por avaliación).
- Participación en proxectos fóra das aulas: ata 1 punto.

A superación das probas deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar, permitir que outras persoas copien, usar teléfono móbil, auriculares, chuletas ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata da proba, obtendo un cero (0) na cualificación da mesma, sen dereito a repetición, o que suporá un suspenso na materia nese trimestre. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación non é adecuada ou a súa caligrafía o fai ilexible. Para isto seguiranse as Indicacións para a presentación de textos e traballos recollidas nas indicacións do TIL do centro.

Recuperacións

Non se realizarán probas de recuperación (exceptuando para o alumnado que non puido acadar resultados por non seguir o normal funcionamento das aulas debido a enfermidade ou outra causa de forza maior), xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras e mais mediante as notas extra.

Sistema de cualificación final

A nota final será a media ponderada da das tres avaliacións (30% a primeira, 30% a segunda e 40% a terceira) e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos. Unha vez realizadas as probas avaliadoras da terceira avaliación, se a media establecida segundo este criterio indicado alcanza a cualificación de 5 puntos ou superior, esa cualificación será definitiva.

Criterios de recuperación:

O alumnado será informado do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (Comprensión Escrita, Expresión Escrita, Comprensión Oral e Expresión Oral) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas.

Non se realizarán probas de recuperación parciais (exceptuando para o alumnado que non puido acadar resultados por non seguir o normal funcionamento das aulas debido a enfermidade ou outra causa de forza maior), xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións

coas outras e mais mediante as notas extra.

Probas finais extraordinarias

Na convocatoria extraordinaria realizarase unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos mínimos esixibles traballados durante o curso relativos á comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita. Esta proba contará o 75% da nota final. O 25% restante corresponderá cunha proba de expresión oral. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

Unha vez iniciada a proba escrita extraordinaria, o alumnado só poderá acceder á aula de exame para a súa realización ata 15 minutos despois de iniciado este.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Dado que neste ano lectivo está matriculado alumnado con base de portugués moi diferente, desde unha alumna filla de brasileira para quen o portugués é lingua materna (pero non escrita) ata alumnado que non estudou nunca a materia e tampouco ten fluidez en lingua galega, é preciso desenvolver medidas de atención a toda esta diversidade.

Ademais das medidas xerais que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre:

- Colaborar co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- Utilizar estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, solidariedade, traballo en equipo, respecto á diferenza e convivencia de todo o alumnado

A primeira medida de atención á diversidade xa se establece coa avaliación inicial. Esta, tal e como se explicou arriba, axudou a determinar e adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

A nivel xeral, segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditalo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO e xa non teña esta materia en bacharelato. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

Nestes casos seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería, que no caso da nosa materia se van centrar sobre todo en

- Retomar o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.
- Adaptar materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

Dado o alto número de alumnado diagnosticado con TDAH, concretamos algunhas das medidas segundo o Protocolo

de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario. Serían:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Pedir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.
- Fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa.
- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.
- Supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexistación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten , estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex.material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando

rigurosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Propóransen actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Propóranselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

Dadas as características do noso centro, pode ser que mesmo chegaran en bacharelato ou no propio curso, daquela, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións. Na aula virtual xa está incluído un apartado con temas básicos coa que poida empezar o achegamento á lingua e aos poucos tentar reducir as distancias co grupo de referencia.

- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

- Na medida do posible, facilitarlle materiais en soporte audiovisual e dixital que poidan resultarlle amenos para que faga un esforzo extra na casa de cara a poñerse ao día.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade de xénero, coeducación e eliminación da violencia machista	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Resolución de conflitos a través do diálogo, respecto e tolerancia	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación ambiental e para o desenvolvemento sostible	X	X	X	X		X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual	X			X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Emprendemento social e empresarial	X		X			X
ET.10 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Comunicación audiovisual				X		X
ET.13 - Valoración das linguas como instrumentos de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de todas elas como símbolos de identidade dos seus falantes e como as maiores e mellores expresións culturais dos pobos que as crearon		X				

Observacións:

Pola peculiaridade da materia de Portugués, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita (elementos transversais que marca o currículo) , ao formaren parte do currículo específico da materia, serán elementos tratados en todas as unidades didácticas como contidos propios, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas como transversais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída didáctica a Portugal	Organizaremos algunha saída a Portugal con contido didáctico para practicar in situ o aprendido na clase		X	
Celebración de efemérides portuguesas(25 de abril, Día da Lingua portuguesa, Día de Camões e comunidades lusófonas)	Aínda que estas efemérides van introducidas dentro das diferentes unidades didácticas, faremos algunhas actividades de cara a dalas a coñecer en todo o centro.		X	X
Teatro e/ou cinema en portugués	Se hai oferta en Santiago e hai posibilidades de achegármonos	X	X	X
Encontro con persoeiros	Calquera persoa do mundo lusófono ou próximo a el (profesorado das EOI, por exemplo) que poida achegarse ao centro ou que estea nas proximidades a onde poidamos achegar o alumnado,, vai poder achegarlle unha información valiosa a todos os niveis para a súa formación.		X	
Día da poesía, da paz, dos dereitos humanos...	Participarase nas actividades que se organicen na biblioteca para conmemorar datas como o Día da poesía , da paz ou dos dereitos humanos... onde haxa que ler algún texto, prepararemos en portugués	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no Vozes da lusofonia	Faise un programa de radio con periodicidade mensual para falar de cuestións relacionadas co mundo lusófono, sobre todo do ámbito cultural e social.	X	X	
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura e un deles é con lecturas de autores lusófonos ou ben textos traducidos ao portugués.	X	X	X
25 de novembro e 8 de marzo	Colaboraremos co comité de igualdade e o EDLG participando nas accións deseñadas	X	X	
Día da lingua nai	Participar nas actividades de coñecemento e valorización da diversidade lingüística que se organizan desde o EDLG e relacionadas coa lusofonía		X	

Observacións:

Obxectivos:

- Reforzar os contidos traballados na aula.
- Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
- Favorecer o uso oral do portugués e, ao mesmo tempo, do galego.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura lusófonas.
- Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura do ámbito lusófono.
- Achegarse de forma activa a obras básicas da literatura galega.
- Poñer en contacto o alumnado con manifestacións culturais variadas en portugués (teatro, música, cine etc.) e con persoas que poidan transmitirillo facilmente.

A realización das actividades dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento e das posibilidades organizativas do centro, así como da disposición económica das familias no caso de asumir a saída.

A oferta de teatro e cinema en portugués en Santiago non é moi ampla e non adoita ser en horario escolar. No caso de que haxa obras que se representen ou proxecten en horario non escolar, animarase o alumnado a asistir e contará a súa participación como nota extra.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados da avaliación
Adecuación do deseño das unidades didáctica, tema ou proxectos a partir dos elementos do currículo
Adecuación da temporalización das u. didácticas
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación
Vinculación de cada CA con algún instrumento de avaliación
Asociación de cada CA con elementos transversais

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas
Metodoloxía empregada
Adecuación da secuencia de traballo na aula
Adecuación dos materiais didácticos utilizados (exe-learning, audios e vídeos, fichas...)
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua (probas escritas e orais, tarefas avaliáveis, proxectos...)
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Para cumprilos realizarase:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorárase tal axuste nas reunións do Departamento e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Portugués.
- b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

Os apartados a) e c) poderían avaliarse cos seguintes ítems

PROCESO DE ENSINO: 1 (MOI POUCO) - 2 (DE FORMA ACEPTABLE) - 3 (BASTANTE) - 4 (MOITO)

- 1) O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2) Conseguiuse crear un contexto cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3) Conseguiuse motivar para conseguir desenvolver a actividade intelectual e física?
- 4) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 5) Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
- 6) Mántívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
- 7) Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?
- 8) Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE?
- 9) Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 10) Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- 11) Dáse un peso real á observación do traballo na aula
- 12) Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

PRÁCTICA DOCENTE DE ENSINO 1 (MOI POUCO) - 2 (DE FORMA ACEPTABLE) - 3 (BASTANTE) - 4 (MOITO)

- 1) Danse explicacións suficientes para todo o alumnado?
- 2) Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3) Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade.
- 4) Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6) Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5) Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6) Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
- 7) Ofrécese ao alumnado os resultados das probas/exames dentro dun prazo razoable?
- 8) Coméntase co alumnado os resultados das probas /exames?
- 9) Dáselle ao alumnado a posibilidade de ver e comentar os fallos máis significativos das súas probas/ exames?
- 10) Como é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagógico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagógico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

Tamén se fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens en cada nivel. Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen

lugar.

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os

adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento

9. Outros apartados